



Galiza, 9 de outubro de 2019

Sen obviar as lexítimas diferenzas ideolóxico-políticas de dous proxectos políticos tamén distintos, Bloque Nacionalista Galego e Compromiso por Galicia concordan na necesidade de a Galiza posuír voz propia, soberana, nas Cortes do Estado, desde a convicción de seren as forzas políticas galegas, non subordinadas a ningunha outra de ámbito estatal, quen de defenderen con liberdade e garantías os intereses, dereitos, propostas e aspiracións do pobo galego. Así, Compromiso por Galicia participa nas candidaturas do BNG para as vindeiras eleccións xerais do 10 de novembro, como Candidatura de País, como oportunidade para verificar este obxectivo, e desde a asunción dos seguintes principios:

- 1. Galiza é unha nación e ten dereito á autodeterminación.*
- 2. Mentres se manteña o actual marco institucional, demanda dun avance que implique máis capacidade de decisión desde o goberno e administración galegas: concerto económico e Facenda Galega, e transferencias competenciais.*
- 3. Defensa da lingua galega. Restauración de usos sociais e completa normalización do galego.*
- 4. Defensa do emprego digno na Terra e do avance nos dereitos laborais. Pensións dignas e sistema público garantido.*
- 5. Banca Pública Galega ao servizo do desenvolvemento económico do país.*
- 6. Reactivación da economía galega e da súa capacidade produtiva. Recursos naturais ao servizo do pobo galego. Tarifa eléctrica galega e promoción das enerxías renovábeis.*
- 7. Políticas feministas para avanzar nos dereitos das mulleres, no camiño da igualdade real.*
- 8. Servizos públicos de calidade.*
- 9. Defensa do medio ambiente*
- 10. Democracia, dereitos e liberdades. Derrogación do marco legal regresivo, e garantías no exercicio e dereitos democráticos. Recuperación dos bens espoliados polo franquismo.*

Ana Pontón Mondelo
Portavoz Nacional
Bloque Nacionalista Galego

Juan Carlos Piñeiro Docampo
Secretario Xeral
Compromiso por Galicia